

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE CAMOS PARA O ACONDICIONAMENTO DA CUBERTA DO CENTRO LOCAL SOCIODEPORTIVO DA PARROQUIA DE CAMOS EN NIGRÁN

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa **Comunidade de Montes Veciñais en man común de Camos** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Camos para o proxecto de substitución de material de cubrición no Centro Local Sociodeportivo da parroquia de Camos en Nigrán.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que o artigo 1 da Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común, define o monte veciñal en man común e rexeranse por esta lei os que, con independencia da



súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais en calidade de grupos sociais e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.

A CMVMC de Camos é unha comunidade de montes veciñais en man común, que ten como obxecto social a regulación da administración, disfrute e aproveitamento dos montes veciñais en man común da parroquia de Camos que forma parte do concello de Nigrán.

Terceiro.- O Plan Director 2021-2023, Galicia Destino Seguro, dentro das liñas estratéxicas e plans de accións inclúe na Liña estratéxica 1 Galicia destino seguro e de saúde, o plan de acción 1.3 Turismo Activo e Deportivo, na que entre outras opcións operativas, se aposta polo deporte base e amateur como activo desestacionalizador e mobilizador de visitantes do mercado interno e doutras comunidades adxacentes, así como polo desenvolvemento de programas deportivos vinculados ao Camiño de Santiago, mediante a posta en valor da peregrinación como unha vía para desconectar e adoptar hábitos saudables.

Cuarto.- A CMVMC de Camos manifestou a necesidade extraordinaria e urxente de asistencia para acometer o proxecto denominado "Substitución de material de cubrición no centro do local socio deportivo de Camos" que ten por obxecto a substitución da cuberta deste edificio.

A solicitude fundaméntase na necesidade de responder de contado ante a grave situación na que se encontra a cuberta do Centro Sociodeportivo que evidencia importantes filtracións e humidade que poden ocasionar o derrubamento da cuberta e causar graves danos na saúde e integridade física das persoas usuarias.

A falta de recursos da CMVMC configura un contexto do cal se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade de afrontar en solitario os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a comunidade de montes.

As actuacións a levar a cabo consistirán en reparar esta situación de maneira definitiva coa substitución do material de cubrición da cuberta do edificio, sen afectar á estrutura, eliminando as cubertas planas existentes, expulsando a auga da edificación e mellorando no posible as condicións térmicas da envolvente nas zonas da actuación.



Cuarto.- O proxecto a desenvolver entre a Axencia de Turismo de Galicia e a CMVMC de Camos a través do presente convenio de colaboración responde ao interese común de ambas as dúas partes. Con esta actuación preténdense potenciar o deporte base sendo consciente da importancia da súa colaboración económica para afrontar obras que beneficien ao conxunto dos cidadáns para a práctica deportiva e poder potenciar estes recursos turísticos complementarios á oferta turística da comarca, sendo necesario concibir unha nova tipoloxía de produtos turísticos, é dicir, produtos combinados e transversais que abran o camiño cara novas experiencias turísticas diversificadas e poñendo en valor medidas de seguridade na promoción de destinos.

Que a través deste convenio, outórgase a CMVMC de Camos unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

